



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Bases reguladoras do proceso de selección dunha praza de funcionario/a incluída no OEP do ano 2021 (Técnico/a de Xestión Económica)

ANUNCIO

Aprobación bases praza de Técnico/a de xestión económica

Anuncio relativo á aprobación das bases para cubrir unha praza de Técnico/a de xestión económica (A2), incluída na Oferta de Emprego Público deste Concello do exercicio 2021 (BOP núm. 31, do 17 de febreiro de 2021 e DOG núm. 43, do 4 de marzo de 2021).

Por Resolución de Alcaldía núm. 144/2021 de data 11 de marzo, aprobáronse as citadas bases, que de seguido se transcriben:

PERSONAL FUNCIONARIO

BASES DA CONVOCATORIA

PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN ECONÓMICA

Primeira.- Obxecto da convocatoria e descrición do posto

1.1. É obxecto das presentes bases a selección para a provisión de 1 praza de técnico/a de xestión económica como funcionario/a de carreira, mediante o sistema de oposición (quenda libre).

1.2 Esta praza inclúese na Oferta de Emprego Público do Concello de Vedra correspondente ao exercicio 2021.

1.3 Descrición do posto:

Grupo A. Subgrupo: A2. Clasificación: escala de administración xeral. Subescala: Técnica. Nivel: 24. Número de prazas: 1

1.4. As funcións a realizar serán as propias do posto segundo determina o artigo 169 do RD 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, especialmente as seguintes:

- Preparación e apoio á intervención en todas as fases do orzamento.
- Contabilización de ingresos e gastos, contabilidade non orzamentaria e financeira, así como control e axustes ao final do exercicio.
- Liquidacións tributarias trimestrais.
- Elaboración de nóminas, seguros sociais e todo o traballo administrativo relacionado.
- Preparación previa dos expedientes económico financeiros.
- Control económico e xustificación de subvencións (compartido).
- Actividades administrativas de colaboración, tramitación, preparación, comprobación, actualización, elaboración e administración de datos, inventario de bens e materiais, tarefas ofimáticas, manuais ou de cálculo numérico, de información e despacho ou de atención ao público e outras relacionadas coas anteriores que, pola súa complexidade, non sexan propias do corpo superior ou do de xestión.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico dentro das súas competencias.

Segunda.-Sistema de provisión

Oposición libre.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido/a no eido de aplicación do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes o título de grao, diplomatura ou licenciatura. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente credencial de homologación.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade establecida como máxima para o ingreso nun corpo ou escala, así como non exceder no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións da praza á que se aspira.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Ter aboado a cantidade de trinta euros (30,00 €) en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal nº 6 deste Concello. Esta taxa será ingresada na conta operativa do Concello con IBAN ES44 2080 0330 1731 1000 0020. No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude, deberase facer constar o nome e apelidos do/a aspirante así como a denominación da praza a que se presenta. O pago non poderá ser obxecto de corrección fóra do prazo de presentación de instancias.

Todos os requisitos enumerados nestas bases deberán cumprirse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e conservarse ata o momento da toma de posesión

Cuarta.- Presentación de instancias

4.1. Para ser admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán facelo constar mediante instancia de participación dirixida ao Alcalde do Concello de Vedra que se axustará ao modelo que figura como Anexo II desta convocatoria (que estará a disposición na Sede Electrónica do Concello de Vedra <https://sede.vedra.es/> e na páxina web <https://www.concellodevedra.es/>), e que deberá presentarse no prazo de vinte (20) días hábiles a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Estas bases publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal (<https://www.concellodevedra.es/>).

4.2. Á dita instancia deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia da titulación académica requirida.
- c) No caso seu caso, fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega Celga 4.
- d) Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria (Base 3ª apartados “d” e “e”). (Anexo II).
- e) Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, sen prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador ou os órganos competentes do Concello de Vedra poidan requirir ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados.

4.3. Aquelas persoas aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, a seguinte:

- a) Solicitalo de modo expreso na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.
- b) Achegar fotocopia compulsada de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se a persoa aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

4.4. A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Vedra ou de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentarse as solicitudes en lugar distinto do Rexistro Xeral deste Concello, deberá remitirse ao correo correo@concellodevedra.com copia da instancia dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Quinta.-Admisión de aspirantes

5.1. Terminado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo de dous meses. A Resolución, que conterá a lista completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal (www.concellodevedra.com).

5.2.- As persoas aspirantes excluídas expresamente, así como as que non figuren na relación de persoas admitidas nin na de excluídas, disporán dun prazo único e improrrogable de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para emendar o defecto que motivara a súa exclusión ou a súa non inclusión expresa. As persoas que dentro do prazo sinalado non emendasen os defectos xustificando o seu dereito a ser admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. Os erros na consignación dos datos persoais rectificaranse de oficio ou a instancia da persoa interesada en calquera momento do proceso selectivo.

5.3.-Finalizado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña unha resolución declarando aprobada a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, no prazo máximo dun mes, que poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada. Na mesma resolución determinarase a composición nominal do tribunal cualificador, así como o lugar, data e hora da realización da primeira proba.

Sexta.- Tribunal cualificador

6.1. O Tribunal cualificador estará constituído por cinco membros titulares e os seus suplentes e comporase por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Tres vogais.
- c) Un/unha secretario/a.

En todo caso a constitución do Tribunal deberá respectar o establecido no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e serán designados entre funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vedra ou doutras Administracións Públicas que desempeñen postos para cuxo acceso se requira unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. Na composición do tribunal promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes.

6.2. Cando o procedemento selectivo por dificultades técnicas ou doutra índole así o aconsellase, o tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, para todas ou algunha das probas. Os devanditos asesores/as colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse ao órgano competente, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto. O nomeamento dos asesores especialistas e persoal auxiliar publicarase mediante Anuncio do Tribunal Cualificador no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal: <https://www.concellodevedra.es/>.

6.3. Os membros do tribunal, asesores especialistas e persoal auxiliar deberán absterse de intervir e notificaranllo ao órgano convocatorio, cando concorran neles circunstancias das previstas no art.23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Na sesión de constitución do tribunal, o Presidente esixirá dos membros do tribunal declaración formal de non atoparse incursos nestas circunstancias. Esta declaración deberá ser tamén cumprimentada polos asesores especialistas e polo persoal auxiliar que, no seu caso, o tribunal incorpore aos seus traballos. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

6.4. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen presenza de ao menos tres dos seus membros. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen os substitúan. O tribunal adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate resolverá o Presidente co seu voto. Os acordos do tribunal poderán ser impugnados enalzada ante o Alcalde. O tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións expostas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

6.5. Durante o desenvolvemento das probas selectivas o tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das bases da convocatoria, e adoptarán os acordos que garantan a boa orde do proceso no non previsto expresamente. As incidencias que poidan xurdir respecto da admisión de aspirantes nas sesións de celebración de exames serán resoltas polo tribunal cualificador, quen dará traslado ao órgano competente.

Sétima.- Sistema de selección

7.1. O proceso de selección realizarase a través do sistema de oposición libre.

7.2. A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio publicárase coa listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. A convocatoria para os seguintes exercicios farase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal (<https://www.concellodevedra.es/>). Entre a conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas (72) horas.

7.3. As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios a contar dende o día seguinte á publicación das puntuacións na páxina web do Concello.

7.4. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio da oposición en chamamento único. Serán excluídos do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non comparezan, salvo nos supostos alegados e xustificadas con anterioridade á celebración do exercicio, debendo o tribunal adoptar resolución motivada para ese efecto. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamada determinará automaticamente o decaemento do seu dereito para participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo.

7.5. As persoas aspirantes que non se poidan presentar ao exame por estar diagnosticadas da COVID19 ou en confinamento obrigatorio por contacto directo, en cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos, realizaráselles unha segunda convocatoria, nunha data que non altere o desenvolvemento normal do proceso. En tal caso á persoa afectada, antes da data prevista para levar a cabo o exercicio, deberá solicitar e comunicar ao tribunal, a través do correo electrónico de correo@concellodevedra.com, dita circunstancia, que deberá estar acreditada co informe facultativo correspondente. No Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal (<https://www.concellodevedra.es/>) publicárase o anuncio da segunda convocatoria.

7.6. Coa finalidade principal de garantir a máxima seguridade sanitaria a todas as persoas participantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios as instrucións de acceso ao lugar de celebración dos exercicios así como calquera outra medida vinculada á crise sanitaria da COVID19.

Oitava. Probas selectivas.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

De carácter teórico, consistirá en desenvolver por escrito 20 preguntas con resposta curta, relacionadas cos temas comprendidos no Anexo I desta convocatoria.

O exercicio terá unha duración máxima de 90 minutos.

Neste exercicio valorarase a claridade de ideas e a capacidade de síntese.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

De carácter práctico, consistirá na resolución de varios supostos prácticos que poderán consistir en contabilidade financeira, contabilidade orzamentaria e elaboración de nóminas e outros relacionados co temario recollido no Anexo I e coas funcións da praza convocada segundo o recollido nestas bases.

O exercicio terá unha duración máxima de 240 minutos.

Neste exercicio valorarase a capacidade de aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos supostos prácticos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Para o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán dispoñer de textos legais sen comentarios e calculadoras. En relación cos textos legais, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas en cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples sempre que non inclúan outra información ou anotacións. Está expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, manuais, informes ou ditames de calquera tipo.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio.

Este exercicio consistirá na tradución sen dicionario dun fragmento dun documento administrativo proposto polo tribunal e no tempo máximo que este determine. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto”.

Quedan exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Novena.- Cualificación final

9.1. A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos distintos exames.

9.2. No caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

1º.- A nota máis alta no primeiro exercicio.

2º.- A nota máis alta no segundo exercicio.

De persistir o empate, este desfarase por sorteo entre as persoas implicadas, en sesión pública á que serán convocadas as persoas aspirantes.

Décima.- Resolución do procedemento

10.1. Concluído o proceso selectivo, o tribunal fará pública, no taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal <https://www.concellodevedra.es/> a relación de persoas aspirantes que o superasen, por orde de puntuación final, declarando a superación do proceso selectivo e formulando proposta de nomeamento como funcionario/a de carreira a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final.

10.2. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. No caso de non haber ningunha persoa aspirante que superase o proceso selectivo, o tribunal declararáo deserto.

10.3. Cando se produza renuncia da persoa aspirante inicialmente proposta polo tribunal antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir ao tribunal unha relación complementaria dos aspirante que sigan ao proposto, para o seu nomeamento como funcionario/a de carreira.

Décimo primeira.- Nomeamento e toma de posesión

11.1. A persoa aspirante proposta para o seu nomeamento deberá presentar no prazo de vinte (20) días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se fixese pública a listaxe definitiva de persoas aspirantes que superaran o proceso selectivo, os seguintes documentos:

a) Orixinais ou copias cotexadas da documentación esixida na base 4.2. e achegada coa solicitude de participación no proceso selectivo.

b) Declaración xurada ou promesa de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitutivos ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non encontrarse no caso de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de función públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario/a na que fose separado/a ou inhabilitado/a.

As persoas nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non encontrarse inhabilitadas ou en situación equivalente, nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

c) Número de afiliación á Seguridade Social.

11.2. A persoa aspirante proposta para o nomeamento que no prazo sinalado non presentara a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente xustificada, ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incurrir por falsidade na súa solicitude.

11.3. A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo dun (1) mes a partir da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Décimo segunda.- Listaxe de reserva

12.1. Aprobarase unha listaxe de reserva para posibles nomeamentos como funcionario/a interino/a conformada por todas aquelas persoas aspirantes que superaran algún dos exercicios do proceso selectivo.

12.2. A orde estará formada de maior a menor nota acadada na suma dos exercicios e no caso de empate resolverase por sorteo.

12.3. A persoa aspirante que formando parte da listaxe de reserva sexa chamada para o seu nomeamento e renuncie ao mesmo, será relegada a última posición. Tamén será relegada á última posición a persoa que sendo nomeada funcionario/a interno, renuncie ao posto. Non se perderá a orde na bolsa de traballo no caso de renuncia por causa de enfermidade ou por estar traballado por conta propia ou allea, debidamente acreditado.

12.4. A persoa proposta para o nomeamento de funcionario/a interino deberá achegar no prazo de tres (3) días hábiles a documentación esixida na base 11.1. e proceder á toma de posesión.

Décimo terceira.- Recursos

As presentes bases que rexerán a convocatoria dunha praza de Técnico/a de xestión económica que figura na Oferta de Emprego Público do ano 2021 do Concello de Vedra e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. **ANEXO I. TEMARIO**

Parte xeral:

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. A constitucionalización do principio de estabilidade orzamentaria. A reforma constitucional.

2. A organización territorial do Estado. Natureza xurídica e principios. O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía e a súa reforma.

3. O dereito da Unión Europea. Tratados e dereito derivado. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditames. Dereito europeo e dereito dos países membros. Relacións coas Comunidades Autónomas e entidades locais.

4. O dereito de acceso á información pública. A protección de datos de carácter persoal.

5. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A forma e a motivación. A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa. A publicación.

6. A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia. A executividade dos actos administrativos: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

7. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulación. O principio de conservación do acto administrativo.

8. A iniciación do procedemento: clases, emenda e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. O tempo no procedemento. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.

9. A instrución do procedemento. As súas fases. A intervención das persoas interesadas. A ordenación e a tramitación do procedemento. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

10. A terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. O incumprimento de prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.

11. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A revogación e actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade.

12. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje. O obxecto do recurso contencioso-administrativo.

13. A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Os orzamentos da responsabilidade pública. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.

14. A actividade subvencionable das administracións públicas. Ámbito de aplicación e disposicións comúns. Procedementos de concesión e xestión das subvencións. O reintegro de subvencións e o control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións

15. Os contratos do sector público: as directivas europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público. Tipos de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados.

16. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Réxime de invalidez. Recurso especial en materia de contratación.

17. As partes dos contratos do sector público. Órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresariado. Sucesión na persoa contratista. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

18. Obxecto, orzamento, base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das administracións públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

19. Adxudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación. O perfil de contratación. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

20. Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

21. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas Administracións públicas. Políticas dirixidas á atención de persoas con discapacidade e/ou dependentes.

22. Os empregados públicos: clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: cadro de persoal e relacións de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.

